



### DATOS PERSOAIS

NOME E APELIDOS	DNI
NACIONALIDADE	CENTRO DE ESTUDOS/TRABALLO
DATA DE NACEMENTO	

### ENDEREZO

RÚA/LUGAR	N/LETRA
C.P	CONCELLO
	PROVINCIA

### DATOS DE CONTACTO

TFNO.MÓBIL
CORREO ELECTRÓNICO

TFNO.FIXO

# 3º Certame de fotografía co móbil

## Foto con Sentimento

A Concellaría de Xuventude do Concello de Santiago de Compostela convoca o 3º Certame de Fotografía co móbil, Foto con sentimento, co obxectivo de promover e premiar a creatividade dos mozos e mozas afeccionados á fotografía e potenciar o uso das novas tecnoloxías.

O concurso ten a finalidade de que os mozos e mozas participantes plasmen nas súas instantáneas, tomadas cun teléfono móbil, unha serie de sentimentos, para o cal deben encadrar as súas fotografías en calquera punto da cidade.

### 1. AS OBRAS

- 1.1 As obras a presentar no concurso consistirán en catro fotografías que representen os seguintes sentimentos:
  - Amor
  - Odio
  - Leducia
  - Tristeza
- 1.2 Poderán optar ao premio as obras presentadas cunha fotografía por cada unha das temáticas antes mencionadas por cada participante, que deberán ser inéditas e que non teñan sido premiados con anterioridade noutros certames ou concursos.
- 1.3 Poderán participar no certame os mozos e mozas de 14 a 30 anos.
- 1.4 As obras deben ser presentadas a título individual, non se admiten participacións conxuntas ou en grupo.
- 1.5 O Concello de Santiago de Compostela poderá efectuar cantas reproducións precise do material premiado e difundilo nos medios de comunicación e publicidade que estime oportunos, a tal efecto o autor/es cederán os dereitos de reprodución de ditas obras.
- 1.6 O Concello de Santiago resérvase o dereito de utilizar as obras para a realización dunha exposición una vez rematado o proceso do Certame.

### 2. INSCRIPCIÓN

- Datat: Do 23 de outubro ao 30 de novembro de 2015
  - Lugar: As solicitudes presentaranse a través do envío da documentación ao correo electrónico: certamefotomob@ santiagodecompostela.org
- Calquera información complementaria relacionada co Certame de Foto co Móbil, pódese consultar no:  
Departamento de Xuventude  
Centro Sociocultural e Xvenil Municipal O Ensanche (Rúa Frei Rosendo Salvado nº14-16),  
Tlfn. 981 543 001 Fax: 981 543 002  
dptoxuventude@santiagodecompostela.org

### 3. DOCUMENTACIÓN QUE CÓMPRE PRESENTAR

3. DOCUMENTACIÓN QUE CÓMPRE PRESENTAR  
Cada participante individual deberá presentar a seguinte documentación:

- a) Boletín de inscrición debidamente cuberto (anexo 1).
- b) Fotocopia do documento de identidade (polas dúas caras).
- c) Declaración de que os traballos presentados non foron premiados noutros certames e de que son obras inéditas (anexo 2).
- d) Fotografías a concurso en formato dixital.

### 4. XURADO

- 4.1 O xurado do concurso estará composto por:
  - O responsable de comunicación 2.0 e videorealizador en Pic-Nic Ideas Felices.
  - Un fotógrafo profesional e profesor de fotografía na USC E será presidido pola Concelleira de Xuventude, actuando como secretario o xefe do Departamento de Xuventude.
- 4.2 O xurado valorará principalmente:
  - Coherencia na temática do traballo presentado
  - Creatividade e orixinalidade
  - Calidade técnica
- 4.3 O fallo do xurado será público e inapelable.

### 5. PREMIOS

O premio do certame terá un importe de 500€ así como a reprodución das obras en formato papel, para que formen parte dunha exposición de novos creadores, en data a determinar ao longo do ano 2016.

O premio está sometido á correspondente retención en concepto do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, conxunto á normativa vixente.

### 6. ACEPTACIÓN

A participación neste concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases. Calquera dúbida sobre a interpretación destas bases será resolta pola Concellaría de Xuventude do Concello de Santiago.

Eu, ....., con DNI..... Declaro:

1.- Que os traballos presentados ao 3º CERTAME DE FOTOGRAFÍA CO MÓBIL FOTO CON SENTIMENTO non foron premiados noutros certames.

2.- Que os traballos presentados son obras inéditas e polo tanto non son copia en todo ou en parte doutras publicacións

Santiago de compostela, a.....de..... de 2015

.....  
Nome e Sinatura do participante

LEI DE PROTECCIÓN DE DATOS

Segundo a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, informamos de que os datos anteriores serán incluídos no ficheiro do Departamento de Xuventude con fins informativas, así coma da posibilidade de exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición en calquera momento poñéndoo en coñecemento deste departamento.

Se non quere recibir ningunha información unha vez rematada a actividade, marque aquí cun X